Chamaecyparis obtusa (Siebold & Zucc.) Endl., 1844

- ciprés de Hinoki, alcipreste de H.
- ciprés de Hinoki
-
- xiprer Hinoki, xiprer del Japó
- Hinoki cypress
- cipreste-Hinoki



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU **CA** PM

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISIÓN	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Pinopsida**	**piñales**	**Cupressaceae**	***Chamaecyparis***

ORIXE

O Xapón.

CARACTERÍSTICAS

Árbore de crecemento lento que alcanza os 35 m de altura, cun tronco de ata 1 m de diámetro e forma piramidal. A codia é de cor parda avermellada escura. Follas escamentas, de 2 a 4 mm de longo, arredondadas na punta (obtusas), de cor verde escura pola face, e verdes cunha banda de estomas brancos na base de cada folla polo envés. Os conos son globosos, de 8 a 12 mm de diámetro; teñen de 8 a 12 escamas colocadas en pares opostos. Florece na primavera.

HÁBITAT

Bosques mixtos de coníferas e anxiospermas. En altitudes de 100 ata 2200 metros sobre o nivel do mar.

DISTRIBUCIÓN

O Xapón, Taiwán, A China. En Europa, América e noutras zonas do mundo é frecuente vela cultivada en xardíns grandes, sendo pouco frecuente nos pequenos.

CURIOSIDADES

A madeira de *Chamaecyparis obtusa* utilizouse durante séculos na construción de templos e outros edificios tradicionais debido á súa excelente calidade e alta durabilidade en condicións exteriores.